

SEMINARIO DE RELIXIÓN

CPI Xanceda

Proxecto didáctico

ESO

Curso 2021-2022

ÍNDICE:

	<u>Páx.</u>
Índice	2
1)Membros do seminario.....	4
2)Ensinanza da Relixión.....	4
3)Características do desenvolvemento curricular da área de Relixión.....	6
4)Obxectivos xerais da área de Relixión Católica.....	6
4.1) Educación secundaria obrigatoria.....	6
5) Grao mínimo de consecución.....	8
5.1) 1º ESO.....	8
5.2) 2º ESO.....	16
5.3) 3º ESO.....	24
5.4) 4º ESO.....	32
6) Desenvolvemento das competencias básicas.....	40
6.1) 1º ESO.....	44
6.2) 2º ESO.....	56
6.3) 3º ESO.....	67
6.4) 4º ESO.....	79
7) Contidos.....	90
7.1) 1º ESO.....	90
7.2) 2º ESO.....	92
7.3) 3º ESO.....	94
7.4) 4º ESO.....	96
8) Temporalización.....	98
9) Metodoloxía.....	98
10) Ferramentas para a reflexión e avaliación da práctica docente.....	101

11) Material Empregado.....	105
11.1) TICS.....	106
11.2) Plan Lector.....	107
12) Avaliación.....	109
12.1) Avaliación inicial na ESO.....	111
12.2) Criterios de avaliación.....	111
12.2.1) 1º ESO.....	111
12.2.2) 2º ESO.....	113
12.2.3) 3º ESO	116
12.2.4) 4º ESO.....	118
13) Alumnos pendentos.....	120
13.1) ESO.....	120
14) Plan de convivencia.....	121
15) Actividades extraescolares.....	122
16) Avaliación da programación	123
17) ANEXO I Á PROGRAMACIÓN (criterios de cualificación, avaliación extraordinaria).....	126
18) ANEXO II Á PROGRAMACIÓN (posibles escenarios en función da situación sanitaria).....	128

SEMINARIO DE RELIXIÓN: PROGRAMACIÓN

1) MEMBROS DO SEMINARIO

Este Seminario está formado por unha profesora, nomeada pola Administración a proposta do Ordinario da Diocese, tal e como se contemplan estes nomeamentos na lexislación vixente, atendendo desta maneira ás necesidades docentes deste centro na área de Relixión Católica en ESO.

A profesora do seminario é:

DONA. M^a JOSÉ MAROÑO OTERO, coa titulación académica para impartir a área de Relixión, dedicación especial docente e que comparte centro co IES Ordes o cal é o seu centro de referencia.

Este Seminario está situado nun local do primeiro piso, compartido co Departamento de Física e Química, Tecnoloxía, Educación Física e Bioloxía.

2) ENSIANZA DE RELIXIÓN

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo á razóns profundas da institución escolar e á dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

A Lei Orgánica da Mellora da Calidade da Educación ten en conta, na Disposición Adicional Segunda, o dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas convicións, establecendo que a ensinanza da relixión incluírase como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

Os Decretos de Ensinanzas Mínimas desenrolan dita Disposición Adicional Segunda en canto a súa presenza curricular e condicións académicas, aplicando a exclusiva competencia da xerarquía eclesiástica para determinar o currículo propio da ensinanza relixiosa católica neste caso.

Neste marco, a ensinanza da relixión e moral católica preséntase como opción libre para o alumnado e obrigatoria para os centros.

A ensinanza relixiosa contribúe á calidade da educación dende a proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumnado, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral, e polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo, adquire o seu auténtico cumprimento na busca de sentido último da vida.

Enraizada no máis profundo do ser, o alumnado vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade) nos símbolos e signos do seu entorno, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

O currículo da ensinanza da relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumnado, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do entorno e ás demandas didácticas do sistema educativo. Xunto con outras opcións da área de relixión, enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do gran acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes.

Considérase como obxectivo fundamental da clase de Relixión o desenvolvemento integral da persoa, tendo en conta a incidencia na vida dos temas relixiosos. E para que isto sexa eficaz, nunca se poñen límites a actitude crítica dos alumnos, antes ben ábremlles as canles para clarificar as súas dúbidas e prexuízos que limitan normalmente, en tópicos. Axudar aos adolescentes a ir descubrindo sen escándalos as obxeccións que se debe afrontar nun mundo pluralista, para que a fe, os axude a aportar solucións ós problemas do mundo actual.

Axudar que esa fe sexa mais persoal, que os xoves aprendan a situarse no mundo como crentes, con capacidade de dialogar e manter a súa actitude de crentes.

Isto non é obstáculo para desenvolver o cuestionario establecido e aprobado polo Ministerio de Educación e Cultura e pola Comisión Episcopal de Ensinanza, Xunta de Galicia.

No curso 2021-2022 hai matriculados neste centro na materia de Relixión Católica 43 alumnos/as en Educación Secundaria Obrigatoria. En 1ºESO, hai 8 alumnos/as, en 2º ESO hai un grupo de 8 alumnos/as, en 3º ESO hai un grupo de 14 alumnos/as e en 4º ESO hai 11. Non hai libro de texto.

Defendemos, unhas actitudes dignas e respectuosas, que tanto o profesorado coma a área gocen dun tratamento semellante as demais materias, sen privilexios, pero tamén sen admitir discriminación.

3) CARACTERÍSTICAS DO DESENVOLVEMENTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN

1. Exposición integral da mensaxe cristiá dende a fe da propia Igrexa, como un ofrecemento aberto a todos e con un saber razoable.
2. Diálogo aberto, respectuoso e crítico con outros campos do saber.
3. Apertura do alumno a transcendencia e posibilidade de facilitarlle os contidos mais esenciais da fe cristiá, sen reducionismos nin deformacións – de acordo coa xerarquía de verdades e coas posibilidades socioculturais e psicolóxicas do alumno en cada idade e en cada medio humano.
4. Utilización dunha linguaxe básica común, respectuosa co pluralismo para evitar a disociación entre unha linguaxe sacra e unha linguaxe secular simplemente fenomenolóxica.
5. Interdisciplinabilidade, de xeito que a ensinanza da Relixión encaixe ben no marco curricular e nunha globalización da educación.

4) OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA

4.1) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Ao rematar a Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno sexa capaz de:

- a) Situarse ante a dignidade da persoa humana pola súa orixe, a súa transcendencia e a súa finalidade, e descubrir os elementos do feito relixioso e as súas diferentes manifestacións na historia e na vida dos pobos, que responde as súas grandes cuestión sobre a existencia.
- b) Analizar os interrogantes profundos do ser humano (vida, morte, dor) para valorar as respostas que a fe cristiá e outras relixións dan sobre o sentido da vida.
- c) Coñecer os documentos fundamentais da fe católica que conteñen a mensaxe cristiá, para comprender e expresar de maneira axeitada esta mensaxe revelada e as súas formulacións de fe.
- d) Saber utilizar a Biblia situándoa na súa orixe, forma e finalidade e interpretación

axeitada en relación coa historia e á experiencia relixiosa de Israel e como expresión da revelación de Deus Pai ós homes.

e) Identificar a Xesucristo como Fillo de Deus encarnado entre os homes mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, vida e presenza do Espírito Santo na Igrexa.

f) Coñecer e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como a realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega nos feitos máis importantes da historia española e europea.

g) Interpretar o significado dos signos e símbolos relixiosos mais relevantes, con especial atención aos sacramentos e as celebracións relixiosas mais estendidas no entorno social e relixioso evitando a discriminación por crenzas relixiosas.

h) Descubrir os fundamentos racionais e da revelación que xustifican a ensinanza moral da Igrexa e orientan os hábitos sociais relacionados coa vida, a saúde, a sexualidade, o amor, o uso e consumo dos bens e o medio ambiente.

i) Descubrir e analizar o significado co que se ordena a convivencia e as formas de organización social: a tolerancia activa, a solidariedade, liberdade, xustiza, participación, responsabilidade e o diálogo entre as relixións, sinalando a orixe cristiá dos mesmos e aplicándoos ás situación persoais e sociais habituais.

j) Aprender a ordenar de forma xerárquica os valores, as actitudes e normas que conforman o ser cristián en orde a tomar opcións que poidan dar sentido a súa propia vida.

k) Aprender a emitir xuízos que desenrolen a formación da conciencia moral, tendo en conta os principais fundamentais da moral cristián, o dereito a liberdade e a responsabilidade, aplicándoos á pluralidade de opcións presentes nos medios de comunicación e nas realidades sociais, económicas e políticas do seu entorno.

l) Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural mediante a linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión das grandes etapas da historia da Igrexa e da cultura do seu entorno.

5) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

5.1) PRIMEIRO CURSO DE ESO

UNIDADE 1	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Relixións, realidade e valores	1.1	Define que é a relixión	1
	1.2	Nomea unha expresión relixiosa das máis antigas.	1
	2.1	Expresa dúas achegas das relixións.	1
	2.2	Establece un par de diferenzas entre as relixións da Antigüidade e o Cristianismo.	1
	3.1	Resume o argumento do relato bíblico de «A historia do patriarca Xosé».	1
	3.2	Enumera dous valores e dous antivalores dos seus personaxes.	1
	4.1	Participa nun debate sobre a espiritualidade.	1
	4.2	Valora as achegas dos compañeiros.	1
	5.1	Elixo dous valores do hinduísmo e outros dous do cristianismo necesarios na actualidade.	1

UNIDADE 2	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Escribe tres comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.	1
	2.1	Expresa que é a moral católica do medio.	1

Deus, creación e moral	2.2	Sinala dúas diferenzas entre a explicación teolóxica e a científica da creación.	1
	3.1	Extrae tres ensinanzas morais e relixiosas dos dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Deus».	1
	3.2	Argumenta brevemente a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus.	1
	4.1	Extrae algunha ensinanza dos textos evanxélicos sobre a natureza.	1
	4.2	Realiza unha tarxeta de loanza a Deus.	1
	5.1	Fai un debate cos compañeiros sobre o contido dunha película.	1

UNIDADE 3	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Deus na Historia da Salvación	1.1	Describe tres personaxes e acontecementos máis significativos da Historia da Salvación.	1
	1.2	Expresa como descubrir a Deus na vida e historia persoal.	1
	2.1	Define a Historia da Salvación e que lle revelou Deus ao pobo de Israel.	1

	2.2	Explica en que consiste a plenitude da revelación para a Igrexa católica.	1
	3.1	Resume o argumento e as ensinanzas do relato bíblico de «David e Goliat».	1
	3.2	Enumera dous valores e dous antivalores dos seus personaxes.	1
	4.1	Participa nun debate sobre a espiritualidade dos nomes.	1
	4.2	Elabora unha reflexión persoal sobre dous personaxes e acontecementos bíblicos.	1
	5.1	Autoavalía a confianza persoal.	1

UNIDADE 4	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Describe o misterio da encarnación.	1
	2.1	Extrae un par de conclusións sobre as características da mensaxe sobre o Reino de Deus.	1
	2.2	Expresa tres comportamentos e valores que fan crecer o Reino de Deus.	1

Xesús de Nazaret	3.1	Escrebe o argumento, as ensinanzas e as analogías do relato bíblico de «A parábola do sementador».	1
	3.2	Nomea tres valores que xorden das parábolas do Reino de Deus.	1
	4.1	Investiga acerca de tres nomes de Xesucristo no NT.	1
	4.2	Deseña unha felicitación do Nadal.	1
	5.1	Define que son as Benaventuranzas.	1
	5.2	Compara dous valores da sociedade actual con dous das Benaventuranzas.	1

UNIDADE 5	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Escrebe dúas diferenzas entre o ben e o mal moral e as súas consecuencias persoais e sociais.	1
	2.1	Distingue a novidade da moral de Xesús respecto á moral xudía.	1
	2.2	Enumera tres achegas da moral cristiá.	1

Evanxeos e moral de Xesús	3.1	Expón dous valores e virtudes morais que practica Xesús.	1
	3.2	Aplica a ensinanza do relato a un caso específico.	1
	4.1	Participa nun debate sobre a dimensión espiritual formulada nun cine-fórum.	1
	4.2	Expresa o sentimento vivenciado por medio dun debuxo.	1
	5.1	Redacta dous comportamentos e compromisos concretos para practicar os Mandamentos.	1

UNIDADE 6	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Evanxeos e resurrección de Xesucristo	1.1	Expón o proceso de formación dos Evanxeos.	1
	2.1	Explica con un exemplo como se profesa, celebra e testemuña a resurrección.	1
	2.2	Describe a estreita relación entre a virxe María e Xesús.	1
	3.1	Expón que é a fe na resurrección.	1

	3.2	Enumera dúas consecuencias sobre a fe na resurrección.	1
	4.1	Exterioriza un sentimento tras contemplar o rostro da Saba Santa.	1
	4.2	Expresa o sentimento vivenciado ao escoitar a canción “Resurrección” de Amaral.	1
	5.1	Escribe unha definición sobre a esperanza cristiá.	1
	5.2	Redacta unha carta de esperanza e alento.	1

UNIDADE 7	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Igrexa, Xesucristo e Bautismo	1.1	Sinala e explica polo menos unha forma de presenza de Xesucristo na igrexa.	1
	2.1	Nomea os sete sacramentos.	1
	2.2	Sintetiza que é o sacramento do Bautismo e os seus principais ritos e símbolos.	1
	2.3	Relaciona o sacramento do Bautismo co pecado orixinal.	1

	3.1	Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «O bautismo de Xesús».	1
	3.2	Emprega argumentos propios para discutir unha opinión.	1
	4.1	Investiga sobre os sacramentos na Biblia.	1
	4.2	Expresa a vivencia interior da oración.	1
	5.1	Participa nun disco-fórum sobre a fraternidade.	1

UNIDADE 8	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Igrexa, Xesucristo e Eucaristía	1.1	Expresa en que consiste o sacramento da Eucaristía.	1
	2.1	Enumera as achegas que leva consigo comungar no sacramento da Eucaristía.	1
	3.1	Resume o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «A Cea Pascual».	1
	4.1	Relaciona dous dos nomes que recibe o sacramento da Eucaristía co motivo correspondente.	1
	4.2	Identifica a Eucaristía co memorial do sacrificio de Cristo.	1

	5.1	Expresa un compromiso concreto sobre o valor de compartir.	1
--	-----	--	---

UNIDADE 9	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Igrexa, Espírito Santo e Confirmación	1.1	Asocia a acción do espírito nos sacramentos coas distintas etapas e momentos da vida.	1
	2.1	Sintetiza que é o sacramento da Confirmación e os seus principais ritos e símbolos.	1
	3.1	Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «O día de Pentecoste».	1
	4.1	Define o Espírito Santo.	1
	4.2	Manifesta a vivencia interior da fortaleza.	1
	5.1	Avalía e reflexiona sobre o grao de autenticidade.	1

5.2) SEGUNDO CURSO DE ESO

UNIDADE 1	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Deus, persoa e relixión	1.1	Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.	1
	2.1	Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	1
	3.1	Escrebe o argumento do relato bíblico «Abraham e Isaac».	1
	3.2	Expresa unha ensinanza deste relato para a vida persoal.	1
	4.1	Investiga, coa Biblia, sobre algunha dimensión humana.	1
	4.2	Valora o sentimento espiritual.	1
	5.1	Selecciona dúas dimensións e dous valores que debe desenvolver máis para medrar de forma integral.	1

UNIDADE 2	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Valora, en tres situacións do teu contorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.	1

Dignidade e vida cristiá	2.1	Define brevemente que son o proxecto persoal de vida e o proxecto de vida cristiá.	1
	2.2	Describe a Xesús de Nazaret e a Virxe María como os principais modelos de vida cristiá.	1
	3.1	Extrae unha ensinanza do relato bíblico «A parábola dos talentos».	1
	3.2	Enumera dous comportamentos que debería realizar cada día para desenvolver as súas capacidades.	1
	4.1	Describe como investir o tempo para mellorar dous aspectos da vida persoal.	1
	4.2	Participa nun cine-fórum sobre a dignidade humana.	1
	5.1	Expón dúas ensinanzas para desenvolver un verdadeiro proxecto persoal de vida.	1

UNIDADE 3	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Resume o fundamental e o máis orixinal da moral católica.	1
	1.2	Indica o argumento, as claves de interpretación e dúas ensinanzas morais que se poden extraer do relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».	1

Acción humana e moral católica	2.1	Expresa a diferenza e complementariedade entre a ética universal e a moral cristiá.	1
	2.2	Resume o fundamental e o máisorixinal da moral católica.	1
	3.1	Indica o argumento, as claves de interpretación e dúas ensinanzasmorais que se poden extraer do relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».	1
	4.1	Participa nun debate sobre a espiritualidade cristiá a partir do modelo de María de Nazaret.	1
	4.2	Autoavalía o grao persoal de empatía.	1
	5.1	Busca solución, desde o exercicio da liberdade, a un dilema moral.	1

UNIDADE 4	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Revelación e relación con Deus	1.1	Busca e elixedouspersonaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	1
	2.1	Describe como se relaciona o cristián con Deus.	1
	3.1	Escribe o argumento, a imaxe de Deus presente no texto e a ensinanza do relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael».	1
	3.2	Investiga a biografía e a resposta de fe de dúas mulleres da Biblia.	1

	4.1	Participa nun cine-fórum para aprender a relacionarse con Deus.	1
	4.2	Indaga por medio dun cuestionario a súa actual relación con Deus.	1
	5.1	Participa nun disco-fórum sobre o valor da oración.	1

UNIDADE 5	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Revelación e fe cristiá	1.1	Participa nun disco-fórum sobre o valor da oración.	1
	2.1	Identifica a fe cristiá.	1
	2.2	Expón dúas investigacións bíblicas sobre a fe.	1
	3.1	Enumera 2 actitudes e comportamentos que facilitan ou impiden a fe.	1
	3.2	Expresa unha ensinanza que se pode extraer para a vida actual do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».	1
	4.1	Participa nun debate sobre o don da fe formulado nun disco-fórum.	1

	4.2	Escoita e respecta os sentimentos dos demais.	1
	5.1	Participa nun cine-fórum sobre os valores da fe.	1

UNIDADE 6	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Como interpretar a Biblia?	1.1	Identifica, clasifica e compara os Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	1
	2.1	Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>dei verbum</i> en torno á interpretación da Biblia.	1
	3.1	Expón a interpretación e a ensinanza do relato «A historia de Xonás».	1
	4.1	Practica a <i>lectio divina</i> .	1
	5.1	Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica.	1
	6.1	Participa nun debate sobre os valores e calidades da amizade.	1

UNIDADE 7	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Identifica, clasifica e compara os Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	1

O Deus cristián	1.2	Le un par de relatos mitolóxicos, localiza trazos das divinidades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	1
	2.1	Compara a orixinalidade do Deus trino do cristianismo coa experiencia de Deus noutras relixións.	1
	3.1	Explica o argumento e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».	1
	3.2	Analiza e extrae dúas conclusións dun vídeo sobre a relación con Deus.	1
	4.1	Investiga na Biblia sobre os atributos do Deus cristián.	1
	4.2	Interioriza atributos de Deus e desenvolve a espiritualidade.	1
	4.3	Participa nun disco-fórum sobre o sentimentocristián.	1
	5.1	Recoñece que a persoa humana necesita o outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	1
	6.1	Participa nun cine-fórum sobre Xesús, como o maior exemplo de identidade persoal.	1

UNIDADE 8	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Fe, Credo e vida eterna	1.1	Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relacións coas verdades de fe formuladas no Credo.	1
	2.1	Clasifica dúas verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	1
	3.1	Define o que é a escatoloxíacristiá e as verdades de fe da resurrección, o ceo e o inferno.	1
	4.1	Describe o significado e principal ensinanza do relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».	1
	5.1	Investiga coa Biblia e extrae unha conclusión sobre a vida eterna.	1
	5.2	Dialoga sobre o sentimento de recollemento e paz interior.	1
	6.1	Participa nun cine-fórum sobre o valor e a experiencia de cambiar de vida.	1

UNIDADE 9	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	1
	1.2	Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Paulo e explica coas propias palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	1

A Igrexa católica	2.1	Describe a unidade e santidad da Igrexa.	1
	2.2	Elabora materiais, utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.	1
	3.1	Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».	1
	3.2	Investiga coa Biblia sobre a misión da Igrexa.	1
	4.1	Participa nun disco-fórum sobre o tema «Pescador de homes».	1
	4.2	Reflexiona sobre o grao de sociabilidade e convivencia.	1
	5.1	Aplica o valor da solidariedade.	1

5.3) TERCEIRO CURSO DE ESO

UNIDADE 1	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
A persoa busca a Deus	1.1	Expresa dous camiños persoais para descubrir e coñecer a Deus.	1
	2.1	Describe un camiño persoal e cristián que ensina a Igrexa para encontrarse con Deus.	1
	3.1	Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Historia de Sansón».	1
	3.2	Enumera dous valores e dous antivalores dos seus personaxes.	1
	4.1	Autoavalíase por medio dun cuestionario de coñecemento persoal	1
	4.2	Participa nun debate sobre os sentimentos.	1
	5.1	Participa nun cinefórum sobre a busca e relación persoal con Deus.	1

UNIDADE 2	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Define que é o sentido último da vida humana.	1

O sentido cristián da vida	2.1	Resume o sentido da vida que dan as relixións monoteístas.	1
	2.2	Sintetiza en que consiste o sentido cristián da vida.	1
	3.1	Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Xesús e Zaqueo».	1
	3.2	Elabora unha lista con cinco valores que permiten transformar a vida para mellor.	1
	4.1	Expresa mediante un bo consello como desenvolver a espiritualidade e vivir máis feliz.	1
	4.2	Participa nun cinefórum sobre a Providencia de Deus.	1
	5.1	Participa nun cinefórum sobre a Providencia de Deus.	1

UNIDADE 3	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	Nº sesións
	1.1	Explica como Deus intervén na historia para curar e perdoar a persoa.	1

Pecado, Perdón e Unción	2.1	Expresa en que consisten os sacramentos do Perdón e da Unción.	1
	2.2	Investiga sobre o sacramento do Perdón.	1
	3.1	Resume o argumento e a principal ensinanza do relato bíblico «O pecado orixinal».	1
	3.2	Elabora un relato actual sobre o pecado.	1
	4.1	Contempla e expresa o que lle transmite unha obra de arte.	1
	4.2	Recoñece erros persoais.	1
	5.1	Avalía a súa capacidade para perdoar.	1

UNIDADE 4	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	Nº sesións
Xesucristo, vocación e Orde	1.1	Enumera e describe dúas formas de vocación cristiá.	1
	2.1	Sintetiza que é o sacramento da Orde e os seus principais ritos e símbolos.	1

	3.1	Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Conversión e vocación de San Paulo».	1
	4.1	Reflexiona sobre a vocación persoal.	1
	4.2	Participa nun debate sobre a vocación.	1
	5.1	Describe os tipos de servizos presentes na súa vida diaria.	1
	5.2	Anota un compromiso persoal ao servizo dos demais.	1

UNIDADE 5	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Xesucristo, moral e vida	1.1	Enumera dousfeitos e comportamentos relacionados coa actual cultura da morte e coa cultura da vida humana.	1
	2.1	Define qué é a moral católica da vida humana.	1
	2.2	Cita tres principios e exemplos de comportamentos cristiáns a favor da vida humana.	1
	3.1	Resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Caín e Abel».	1

	4.1	Investiga na Biblia sobre a vida humana.	1
	4.2	Escribe unha poesía para dar grazas pola vida.	1
	5.1	Establece diferenzas entre a letra da canción «Celebra la vida» e o texto sobre a vida humana de YOUCAT.	1

UNIDADE 6	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	Nº sesións
Xesucristo, moral e consumo	1.1	Expresa un xuízo respectuoso sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciuna forma de entender o mundo.	1
	2.1	Define qué é a moral católica do consumo.	1
	2.2	Enumera dous comportamentos e dous valores que son necesarios para solucionar algún problema actual derivado do consumismo inmoral, insolidario e anticristián.	1
	3.1	Resume o relato bíblico «A multiplicación dos pans e dos peixes» e algunha das súas ensinanzas para solucionar as consecuencias do actual consumismo.	1
	4.1	Analiza e critica un anuncio publicitario desde a óptica dos pecados capitais e das súas respectivas virtudes.	1
	4.2	Participa nun disco fórum para desenvolver o sentimento de xenerosidade.	1

	5.1	Dialoga nun debate sobre unha película seguindo unhas pautas dadas.	1
--	-----	---	---

UNIDADE 7	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	Nº sesións
Misión e organización da Igrexa	1.1	Dialoga nun debate sobre unha película seguindo unhas pautas dadas.	1
	2.1	Resume cal é a tripla misión da Igrexa.	1
	2.2	Redacta quen forma a Igrexa católica e cal é a súa organización actual.	1
	3.1	Le e sintetiza o relato bíblico «A primeira comunidade cristiá» e algunha das ensinanzas e dos valores que se poden extraer para mellorar a vida actual.	1
	4.1	Participa nun debate sobre «como practicar a espiritualidade», tema formulado nun cinefórum.	1
	4.2	Expresa o sentimento de colaboración por medio dun poema ou dunha oración.	1
	5.1	Toma conciencia, de forma colaboradora, da importancia de ser solidario.	1

UNIDADE 8	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Historia da Igrexa	1.1	Explica en que consiste a dobre dimensión humana e divina da Igrexa.	1
	1.2	Define os conceptos de concilio, herexía e cisma.	1
	2.1	Resume dous importantes acontecementos, personaxes e ensinanzas da primeira metade da historia da Igrexa.	1
	3.1	Escrebe o argumento e a principal ensinanza que se pode extraer do relato bíblico «Simón, o meigo».	1
	3.2	Significados do termo «maxia».	1
	4.1	Reflexiona sobre a historia persoal que desexaría vivir.	1
	4.2	Expresa dúas crenzas máis profundas que lle dan sentido á vida.	1
	5.1	Participa nun concurso de forma cooperativa.	1

UNIDADE 9	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
	1.1	Redacta unhasíntese que relacione a fe coa arte e a cultura.	1

Fe, arte e cultura	2.1	Escribe tres exemplos de achegas da Igrexa católica ao patrimonio cultural e artístico da humanidade.	1
	3.1	Enche a ficha do relato bíblico «Salomón e o templo de Xerusalén».	1
	4.1	Explica o sentido das peregrinacións cristiás.	1
	4.2	Interpreta unha obra de arte.	1
	5.1	Obtén información sobre a tolerancia.	1
	5.2	Aplica o valor da tolerancia, como o culto das imaxes cristiás.	1

5.4) CUARTO CURSO DE ESO

UNIDADE 1	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Descrición da unidade	1.1	Redacta tres datos sobre a vida e as ensinanzas de Buda.	1
	2.1	Identifica e clasifica os trazos principais (ensinanza, comportamento e culto) das relixións monoteístas.	1
	2.2	Busca información e preséntalle ao grupo dúas respostas das distintas relixións ás preguntas sobre o sentido da vida.	1
	3.1	Le e resume o argumento e a ensinanza do relato bíblico «Rut, a estranxeira».	1
	3.2	Describe tres valores necesarios para mellorar situacións conflictivas actuais relacionadas coas relixións.	1
	4.1	Recapacita e medita sobre a paz.	1
	4.2	Participa en debates sobre a busca de sentido da vida.	1
	5.1	Autoavalía a súa capacidade de diálogo.	1

UNIDADE 2	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Experiencia relixiosa e revelación de Deus	1.1	Define brevemente a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.	1
	1.2	Describe brevemente a experiencia relixiosa de Xesús.	1
	2.1	Razoanunha línea por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	1
	2.2	Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	1
	3.1	Resume o argumento e a ensinanza que se extrae do relato bíblico «Noé e o diluvio universal».	1
	3.2	Participa nun debate sobre ensinanzas presentes no texto.	1
	4.1	Analiza e reflexiona sobre a súa actitude relixiosa.	1
	4.2	Participa nun disco-fórum sobre a contemplación.	1
	5.1	Participa nun cine-fórum sobre o valor de seguir un bomestre.	1

UNIDADE 3	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Deus, historia e Igrexa	1.1	Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopana historia de Israel.	1
	2.1	Resume en que consiste a dobrerealidade da Igrexana historia.	1
	2.2	Extrae tres conclusións sobre a historia da Igrexa nos séculosXV a XXI.	1
	3.1	Expresa o argumento e principal ensinanza do relato bíblico «O profeta Xeremías».	1
	3.2	Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.	1
	4.1	Dialoga sobre a dimensión espiritual do agradecemento.	1
	4.2	Reflexiona sobre o sentimento de aproveitar o tempo.	1
	5.1	Participa nun cine-fórum sobre a fidelidade.	1

UNIDADE 4	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
O mesías e a moral da vida pública	1.1	Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufridor e do Mesías político.	1
	1.2	Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufridor como criterio de vida.	1
	2.1	Argumenta desde os principios da moral católica da vida pública.	1
	3.1	Resume e extrae unha ensinanza do relato bíblico «A historia do rei Saúl».	1
	3.2	Expón as principais calidades dun bo gobernante segundo a Biblia.	1
	4.1	Reflexiona ante dilemas morais que formula a vida pública.	1
	4.2	Participa nun cine-fórum sobre o sentido do sufrimento.	1
	5.1	Aplica o método ver-xulgar-actuar ante un problema actual da sociedade e a política.	1

UNIDADE 5	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Xesucristo, Igrexa e misión	1.1	Localiza, selecciona e argumenta en dous textos evanxélicos a chamada de Xesús.	1
	2.1	Busca e identifica unha persoa que actualiza hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúa a misión de Xesús.	1
	3.1	Resume e explica o argumento, as ensinanzas e a simboloxía da pesca milagrosa.	1
	3.2	Le de xeito comprensivo un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	1
	4.1	Imaxina e expresa que lle comunicaría a Xesús.	1
	4.2	Participa nun cine-fórum sobre a entrega persoal.	1
	5.1	Describe como ser críticos e evitar ser manipulados polos medios de comunicación social.	1

UNIDADE 6	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Xesucristo, sacramentos e Matrimonio	1.1	Clasifica os sacramentos da Igrexa católica.	1
	2.1	Describe en que consiste o sacramento do Matrimonio e cal é a súa liturxia.	1

	3.1	Le o texto bíblico do «Canto ao amor cristián» e expresa en que consiste este amor.	1
	4.1	Reflexiona e expresa creativamente a espiritualidade amorosa.	1
	4.2	Participa nun cine-fórum sobre como salvar un matrimonio.	1
	5.1	Participa nun role- playing a partir dun dilema sobre o casamento.	1

UNIDADE 7	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Igrexa, moral e sexualidade	1.1	Expón o que é a sexualidade humana.	1
	2.1	Expón o que é a sexualidade humana.	1
	3.1	Expresa o significado dos relatos bíblicos de «A creación do home e a muller».	1
	4.1	Elabora un xuízo a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	1

	4.2	Expresa o seu sentimento cara a Cristo por medio dunha poesía.	1
	5.1	Resolve un dilema moral relacionado coverdadeiro amor.	1

UNIDADE 8	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Igrexa, autoridade e verdade	1.1	Define e diferencia os termos autoridade legal e xusta, autoridade moral e autoritarismo.	1
	1.2	Identifica persoas que son autoridades na súa vida e explica como reconecenelas a verdade.	1
	2.1	Localiza e xustifica un acontecemento da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	1
	2.2	Recoñece e valora na Igrexa dúas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	1
	3.1	Sintetiza o argumento e a mensaxe relixiosa do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces».	1
	4.1	Enumera un acontecemento da historia no que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	1

	4.2	Analiza o seu nivel persoal de sinceridade.	1
	5.1	Participa nun disco- fórum sobre a verdade.	1

UNIDADE 9	ESTÁNDAR	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Nº sesións
Os cristiáns e a civilización do amor	1.1	Sintetiza por escrito en que consiste a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus.	1
	2.1	Investiga e debate sobre algunha iniciativa eclesial do seu contorno que colabora na construción da civilización do amor.	1
	3.1	Cumpre a ficha do relato bíblico «O ceo novo e a terra nova».	1
	3.2	Responde afirmacións erróneas con argumentos propios.	1
	4.1	Explica a importancia de valorar cada persoa, cada cousa e cada momento.	1
	4.2	Participa nun cine-fórum sobre a vida eterna.	1
	5.1	Interioriza e enumera polo menos catro comportamentos necesarios para cambiar o mundo.	1

6) CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na Educación Secundaria, a opción católica ten en conta as características psicolóxicas propias da adolescencia. Nesta idade o alumno plantéxase especialmente a actitude persoal ante o relixioso dunha forma mais racional e entra nunha fase de interiorización que supón un descubrimento maior de si mesmo e unha capacidade crecente de abstracción.

A ensinanza da relixión católica na escola atense a súa propia finalidade, que é a formación plena do alumnado mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e o seu desenvolvemento. As propostas da ensinanza relixiosa católica constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano que fan posible a formación integral. Isto realízase mediante a presentación sistemática, orgánica e científica da mensaxe, vida e persoa de Xesucristo, presente na súa Igrexa, avalada pola Escritura, pola Tradición e o Maxisterio da Igrexa, transmitida a través da acción educativa do profesor coa súa preparación científico-técnica e a súa testemuña cristiá.

As achegas da ensinanza conforman unha maneira de ser e de vivir no mundo, de xeito que os principios, valores e actitudes que xenera axudan o alumnado a situarse ante a tradición cultural, a coñecer e ofrecer os elementos básicos do cristianismo xeradores de cultura, e a insertarse cooperativa e criticamente na sociedade. As súas propostas son cualitativamente transcendentales e vivas, realizadas na persoa do mesmo Xesucristo, polo que pode e de feito da resposta o sentido último da vida.

As competencias básicas como son as interpersonais, interculturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística adquiren nesta área elementos básicos para a súa adquisición o longo da ensinanza obrigatoria. Toda persoa ten a necesidade dunha base sólida sobre a que construír a existencia persoal e social. Os adolescentes e xoves fanse preguntas profundas sobre o sentido da súa existencia que esixen unha resposta, a vez que transcendente, de carácter universal e estable. Hai que ter en conta que nesas idades desenrólase a razón formal, a súa capacidade de abstracción e xeneralización de conceptos. É capaz de analizar e sintetizar elementos distintos e plurais, inducir e aplicar símbolos e signos a súa propia vida e a realidade inmediata. Nesta etapa é cando un se plantexa as razóns da existencia e a actitude persoal ante o relixioso con relación a propia vida persoal e social. Son cuestións vitais e a súa inseguridade demandan modelos de vida auténticos no proceso de maduración da personalidade. A ensinanza relixiosa católica vai insistir na proposta explícita da persoa de Xesucristo, os seus principios, os valores e actitudes que xera , polo que o alumnado ten que

reflexionar sobre a conducta persoal e social.

A formación relixiosa desenrólase na escola nun diálogo auténtico coa realidade cultural, informando sobre a relación e influxo mutuo entre a cultura occidental e o feito relixioso cristiá, entrando nun diálogo fecundo e responsable con esa cultura, composta por ideas, principios, valores, modos de vida seguindo o exemplo do Evanxeo.

Destacan as seguintes competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística.

A ensinanza relixiosa católica na escola utiliza a linguaxe académica, aquelas linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como as linguaxes da propia ensinanza relixiosa. O diálogo da fe coa cultura contribúe a competencia en comunicación lingüística, na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, a exposición dos seus contidos e aplicación a cultura e as distintas formas de vida social, así como a argumentación axeitada a esta idade e sempre presente na ensinanza relixiosa. É propio da ensinanza relixiosa católica a utilización das diversas linguaxes e maneiras de comunicación que Deus utilizou na súa revelación o ser humano. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía, a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade a linguaxe dos símbolos do pobo cristiá.

A ensinanza relixiosa católica no exercicio de aprendizaxe da mensaxe cristiá capacita e permite o alumnado expresar pensamentos, conviccións, vivencias e opinións e acostumarse o discurso coherente e estruturado da fe.

Competencia social e cívica.

Na **competencia social e cívica** intégranse os elementos esenciais para a humanización, elementos persoais, interpersoais e interculturais, e recollen todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha maneira eficaz e construtiva a vida social e profesional. Dende a mensaxe cristiá, o principal é o desenrolo de todo o humano, das súas potencialidades e capacidades. Dende o desenrolo da persoa séntanse as bases para a cooperación e exercicio da cidadanía democrática, a comprensión da realidade social na que se vive, sendo conscientes dos valores do noso entorno e colaborando coa oferta de vida que nos fai Xesucristo, a construír un sistema de valores propio e a vivir en

coherencia con El. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumnado para así facer posible a maduración da corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, a xustiza, a igualdade e a caridade, todo como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo e, tamén como resposta as grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos/as. O principio básico é a dignidade do ser humano, como fillo de Deus polo que se deben respectar os principios e valores universais. O alumnado necesita razóns para amar, vivir, esperar baseadas na vida e mensaxe de amor de Xesucristo, orixe e meta da formación relixiosa que a Igrexa ofrece na escola.

As relacións interpersoais baséanse en principios e valores que emanan da persoa de Cristo polo que se afrontan as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, que son valores xenuinamente cristiáns.

Dende a ensinanza relixiosa propónse unha reflexión e análise crítico dos valores democráticos e da cidadanía descubriendo que a súa raíz son os principios fundamentais do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa: a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a doazón de si mesmo, a entrega total a favor dos pobres.

Competencia cultural e artística.

A contribución a **competencia cultural e artística** relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, histórica, simbólica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados polo cristianismo dende a súa orixe e o seu desenrolo actual, como manifestación do feito relixioso. A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española, non poden ser comprendidas e asumidas si se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos, en concreto, nos pobos de España.

A Relixión e Moral Católica presenta o acontecemento cristiá en diálogo coa cultura, incorporando o saber da fe no conxunto dos demais saberes. Con isto os alumnos adquiren unha valoración crítica da cultura a luz do evanxeo, motivando o mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima axeitada de outras tradicións culturais e relixiosas. Ademais no currículo de relixión católica tamén están presentes os elementos esenciais que definen as grandes relixións da humanidade.

A ensinanza relixiosa católica non so aporta á competencia cultural e artística uns coñecementos de arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas,

senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a unha maneira concreta de ver a vida, de expresala e de vivir dende a achega cristiá á cultura.

A competencia de aprender e aprender.

A área de Relixión Católica como área de coñecemento dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se leva a cabo na educación, contribúe o desenrolo da competencia de **aprender a aprender**, fomentando as capacidades de aprendizaxe: atención, memoria, experiencia., o impulso do traballo en equipo, a síntese de información e opinión. A ensinanza relixiosa axuda a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta a vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan de Deus. Aprender a aprender conleva non so unha proposta de sentimentos, valores e actitudes, senón tamén un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ten que ser crisol na procura da verdade e do ben. A ensinanza relixiosa proporciona o alumnado o principio sobre o que o ser humano debe sentirse orgulloso e motivado como Fillo de Deus, para aprender e seguir aprendendo.

A competencia sobre autonomía e iniciativa persoal.

É finalidade da escola que os alumnos e alumnas descubran a súa identidade persoal, pero esta non será posible si unha apertura o significado último e global da súa existencia humana. A autonomía e iniciativa persoal non poderá realizarse se o alumnado non se coñécea si mesmo no seu ser mais profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. A ensinanza relixiosa católica diríxese a persoa concreta nas súas raíces e na súa propia identidade, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo e diríxese o ser humano na súa finalidade transcendente. O ofrecemento do Evanxeo de Xesucristo que presenta a humanidade nova feita de homes novos conforme o designio de Deus. Proponse a Xesús como camiño que nos conduce a verdade e a vida, e ten que facerse dende a convicción profunda que procede da Igrexa que confesa, celebra e vive a fe en Xesús, e en consecuencia, mediante a forma propia e mais coherente de transmitir esa fe da Igrexa: a testemuña. A testemuña de homes e mulleres santos o longo da historia constitúe un referente continuo para a autoasimilación dos valores mais xenuinamente cristiáns. A ensinanza relixiosa educa na iniciativa persoal e autónoma do alumnado polo ben e a verdade.

Na contribución o desenrolo persoal do alumnado, a relixión é xeneradora de valores e de integración social. Tamén capacita o alumnado para examinar

situacións concretas da vida e realizar con autonomía un xuízo crítico e cristián.

A competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivosforon alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos,o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados ós estudantes e óspais.		

11) MATERIAL EMPREGADO:

Os criterios de selección de materiais e recursos didácticos baséanse en:

- Coherencia entre os mesmos e os obxectivos, contidos a seguir
- grado de utilidade dos mesmos
- Adecuación ao centro, alumnado, zona na que nos movemos e a actual situación sanitaria debido á pandemia.

O material empregado:

- a) Material fotocopiabile
- b) Libro de texto
- c) A Biblia
- d) Enciclopedia, dicionario
- e) Mapas de Terra Santa (atlas bíblico)
- f) Folletos
- g) Textos do Maxisterio da Igrexa
- h) Películas bíblicas e de animación, cine actual, documentais, monográficos sobre a vida de diferentes santos...
- i) Música
- j) Ilustracións con motivos relixiosos tomadas de libros de arte
- k) Fichas de ampliación e reforzo tomadas de diferentes libros para motivar a clase de Relixión
- l) Xornais e revistas
- m) CD-ROM
- n) Internet
- o) Portátiles
- p) Aula Virtual
- q) Webex
- r) Correo electrónico

11.1) TICS

Os materiais didácticos multimedia foron adquirindo unha grande importancia na educación actual. A elaboración destes materiais didácticos foi evolucionando ao longo dos últimos anos e hoxe case ninguén dubida da súa capacidade para incidir na aprendizaxe dende as idades máis novas.

É unha realidade incuestionable que a incorporación das TICS na sociedade e en especial no ámbito da educación, aporta unha grande fonte de recursos e materiais didácticos que inflúen de maneira significativa no ensino e aprendizaxe.

Un sistema de aprendizaxe baseado nas Tecnoloxías da Información e a Comunicación aporta un valor engadido o actual sistema educativo e abre as portas a novos paradigmas educativos e de información.

A utilización das TICS na aula proporciónalle ó estudante unha ferramenta que se axeita a súa actual cultura tecnolóxica, e dálle a posibilidade de responsabilizarse mais da súa educación e que o fai protagonista da súa propia aprendizaxe, do permanente aprender a aprender.

Neste contexto é imprescindible incorporar as TICS na aula desenrolando recursos pedagóxicos dinámicos que utilizan unha metodoloxía activa e innovadora co obxectivo de aumentar a motivación do alumnado cara a materia. Da mesma maneira, pode mellorar a comunicación entre profesor e alumnado e aumenta a súa motivación e satisfacción na aprendizaxe de novos conceptos. A posibilidade de manipular, de interactuar favorece a aprendizaxe significativa. Os recursos visuais e auditivos variados e o plantexamento de actividades coma situacións reais facilitan a comprensión de aspectos que as veces resultan difíciles de integrar no traballo normal da aula.

A variedade da tipoloxía de actividades posibles co uso das TICS evita a monotonía e favorece o interese do alumnado con diferentes capacidades, respectando o seu propio ritmo de aprendizaxe e facilitándolle o profesorado un resultado positivo en canto o tratamento da diversidade na aula.

A interactividade das aplicacións multimedia favorece un ensino e aprendizaxe mais dinámico e didáctico. A actitude do usuario fronte a interactividade estimula a reflexión, o cálculo de consecuencias e provoca unha maior actividade cognitiva.

Os recursos multimedia presentes en Internet complementan a oferta de contidos tradicionais coa utilización de animacións, vídeos, audio, gráficos, textos e exercicios interactivos que reforzan a comprensión dos contidos do libro de texto e enriquecen a súa presentación.

Na área de Relixión Católica utilízanse moi a miúdo as TICS polas razóns que se acaban de enunciar. O que máis se utiliza son os materiais audiovisuais: música, diferentes películas, xa sexan de contido bíblico, xa sexa cine actual, e tamén documentais, sempre relacionados co tema co que se está traballando nese intre. Tamén cabe sinalar que en cada unidade se lles proporcionará o alumnado diferentes páxinas de Internet que tratan ese tema para que eles poidan consultar. Algunhas de esas páxinas conteñen xogos e incluso webquest. Un exemplo é: <http://www.sanisdrolabrador.com/webquest/>

Tamén se utiliza un CD-ROM con numerosas actividades para traballar coa Biblia.

Non hai libro de texto, este curso traballarase coa plataforma dixital.

Foi creado un curso da materia na Aula Virtual do centro para cada nivel educativo. Xa está en funcionamento. Xunto co correo electrónico será de gran utilidade en caso de volver a estar confinados, ou para aquel alumnado que non poida asistir presencialmente ás clases.

11.2) PLAN LECTOR

Dende a área de Relixión Católica fomentárase o interese do alumnado pola lectura. Animárase ao alumnado de todos os niveis a que profundicen nos temas que se están traballando na aula por medio da lectura de textos que lles entregará a profesora, e tamén por medio da lectura da Biblia, xornais, revistas, monográficos, Dende o primeiro día de clase e en cada tema, a profesora vai lles a suxerir a posibilidade de que busquen na casa pola súa conta información e noticias (en revistas e xornais) sobre o tema tratado. Así, poden levalo a clase e compartilo cos demais compañeiros/as. Esta é unha forma de animalos a ler na casa, de buscar información concreta (sobre os temas que estamos a traballar), de que as clases non se reduzan ao libro de texto, de motivalos, e sobre todo de que sexan eles mesmos os verdadeiros protagonistas. Tense en conta as achegas de cara a nota na avaliación. Cada vez que un alumno/a leve á clase unha noticia terá que lela en voz alta, logo comentárase e abrírase un pequeno debate no que se intercambiarán as distintas opinións xurdidas. Por experiencia en cursos anteriores, son case sempre os mesmos alumnos/as os que traen as novas de xornais ou revistas. Isto é debido a que nesta idade non están acostumados a ler prensa diariamente, e se o fan , son moi selectivos, por exemplo os rapaces só len a sección de deportes.

En primeiro curso de ESO , cando se trate o tema dos Dereitos Humanos buscarán, (en horario de clase), en **xornais** que a profesora lles proporcionará, novas que mostran como moitas veces non se cumpren tales dereitos. Logo por grupos, elaborarán murais con recortes no que sinalarán contra que dereito atentan as novas

seleccionadas. Para animar a que lean xornais e revistas na casa e que busquen mais novas, subiráselles a nota da avaliación.

A utilización da **Sagrada Escritura** para buscar e ler pasaxes vai a ser considerable. Pero hai que sinalar que para interpretar un texto bíblico é necesario seguir os seguintes pasos:

- Buscar o texto na Biblia
- Descubrir que buscaba o autor cando escribiu o texto e a quen ía dirixido
- Ler atentamente o texto tendo en conta a intención do autor. Captar a mensaxe e aqueles aspectos que son chocantes na actualidade
- Descubrir o que quere transmitir o texto, a súa mensaxe
- Sacar unha conclusión práctica para a vida de cada un e a dos demais

No departamento contamos con material para traballar coa Biblia de maneira amena. Trátase de actividades lúdicas nas que aprenden a manexar a Biblia o tempo que potencia a lectura da mesma. Por exemplo, a profesora formula preguntas e sinala a cita bíblica onde aparece a resposta. Eles buscan a cita na Biblia ou na súa edición dixital e responden. Esta actividade realízase en grupo, e o equipo que mais acertos ten é o ganador. Gústalles moito esta actividade pola competición que hai entre os grupos por ver quen é o grupo que máis acertos ten.

Tamén se utilizará **Internet** na aula de informática para buscar información concreta. Outras veces, a profesora proporcionaralle ao alumnado páxinas web para consultar e contestar por escrito preguntas que lles foron formuladas e que tiñan que ver co que se estaba a estudar nese intre.

En todos os cursos empregárase o libro de texto para introducir os temas. Serán os mesmos alumnos/as de forma voluntaria os que leerán en voz alta, e sobre a lectura, contestarán por escrito ou oralmente ás cuestións. A finalidade é levar a cabo unha lectura comprensiva.

En cada unidade mostraráselles unha serie de libros que tratan o tema co que se está a traballar nese intre por si queren profundizar no mesmo. A continuación vai unha selección de libros de lectura optativa:

- J.L. ARSUAGA E I. MARTÍNEZ, *La especie elegida*, Temas de Hoy, 2000
- J.L.ARSUAGA. *El collar del Neardental*, Temas de Hoy, 2000
- RICHARD H. WILKINSON, *Todos los dioses del AntiguoEgipto*. Oberon, Madrid, 2003
- R.M.OGILVIE, *Los romanos y susdiosos*. Alianza, Madrid, 1995
- E.GALLUD, *Los viajes de Nandi y otros cuentos de la India*, Oberon, Madrid, 2004
- ESCHMITT,E.E. *Oscar y Mamie Rose*

- MARK TWAIN. *El diario de Adán y Eva*
- V.HUGO, *Los miserables*
- WILLIAM GOLDMAN, *La princesa prometida*
- KESHAVJEE, S, *El rey, el sabio y el bufón*, Ediciones Destino, 2004
- MORO, J, *Las montañas de Buda*, Planeta /Seix Barral, 2010
- BEN JELLOUNT, T, *El Islam explicado a nuestros hijos*, RBA, 2002
- GORDON, NOAH, *El rabino*, Ediciones B, Barcelona, 1993
- GORDON, NOAH, *El último judío*
- ALEIJEM, Scholem, *Tevie, el lechero*, Riopiedras, Zaragoza, 2004
- CORTÉS, JL, *Un señor como Dios manda*, PPC, Madrid, 2002
- CORTÉS, JL, *El señor de los amigos*
- CORTÉS, JL, *Agustín, el del corazón inquieto*, PPC, Madrid, 2003
- SIENKIEWICZ, Henryk, *Quovadis?*, Planeta, Barcelona, 2010
- LE CARRE, john, *El jardinero fiel*, Ediciones El País, Madrid, 2008
- LINS, Paulo, *Ciudad de Dios*, Tusquets, Barcelona, 2003
- ECO, U, *El nombre de la rosa*, Plaza y Janés Editores, 2001
- FALCONES DE SIERRA, I, *La catedral del mar*. Ed.Grijalba, 2007
- MERLO, C, *Tres gigantes del Renacimiento: Leonardo, Miguel Ángel y Rafael*, Ed. Editex, 1999
- CORTÉS, JL, *Teresa, la de Jesús*, Ed, PPC, 2004
- DELIBES, M, *El hereje*, Ed, Destino, 2002
- FERNÁNDEZ, J, *Jesús cuenta su vida*, Instituto Teológico Compostelano, 2008

12) AVALIACIÓN:

A avaliación é un conxunto de actividades cunha finalidade común: regular o funcionamento do proceso e sistema educativo. Deber ser máis que avaliar a aprendizaxe do alumno.

A avaliación non debe ser considerada como un fin en si mesma nin cambiar “Avaliación para Educación”. Ten que servir de motivación para que o alumno poida corrixirse e mellorar. Expresar os resultados que xunto coas motivacións orientadoras sirvan de información para os alumnos e os pais.

A avaliación deber ser **CONTINUA**. Ten a función de recollida sistemática de información e criterios de acordo cos alumnos, centro, profesor e administración.

Que avaliar?

- a) Obxectivos educativos programados
- b) Axustar criterios, de etapas e contexto do centro

Cando avaliar?

Deberanse aplicar sucesivamente tres tipos de avaliación:

Unha **avaliación inicial** para coñecer o grado de desenrolo do alumno e o seu estado previo de coñecementos, procedementos e actitudes. Isto servirlle ao profesor para adaptar a súa actuación educativa ás características e posibilidades reais de cada un dos seus alumnos. Os alumnos deben responder a unha serie de preguntas moi sinxelas.

Unha **avaliación formativa** que se vai facendo ao longo do curso e que interesa sistematizar para non deixar desatendido ningún dos obxectivos previstos.

Unha **avaliación final**, ao termino do proceso, para constatar si se conseguiron as intencións do programa de ensinanza e aprendizaxe.

Como avaliar?

A avaliación ten unha finalidade formativa, é dicir, servir de axuda aos alumnos no proceso da súa aprendizaxe. Pretende axudarlles a coñecer oportunamente os seus acertos e erros, para reforzar aqueles e pór remedio a estes. En canto aos instrumentos ou medios para a avaliación será oportuno facerlles saber que **o seu traballo avaliarase mediante diversos medios**, como por exemplo:

- O bo estado do material de traballo
- A revisión periódica das tarefas (presentación esmerada, actividades completas, ben feitas, etc..)
- O interese e a laboriosidade na aula e fora dela
- As preguntas orais que faga o profesor na clase
- Probas de tipo test moi breves
- Proba de avaliación trimestral

- Traballos sobre libros, folletos, etc..
- Traballos complementarios
- A participación activa na aula

12.1) AVALIACIÓN INICIAL NA ESO

A avaliación inicial levarase a cabo coa recollida de información mediante:

- Informes anteriores
- Observación directa (cubriendo un documento a modo de indicador de observación para valorar o grao de integración, motivación e interese do alumnado)
- Redacción libre sobre o tema: *Xesús de Nazaret*
- Proba inicial con preguntas moi sinxelas

12.2) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º CURSO DE E.S.O.

UNIDADE 1: *Relixións, realidade e Deus*

- Valorar as relixións na historia da humanidade.
- Relacionar e distinguir as relixións da Antigüidade e o Cristianismo.
- Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «A historia do patriarca Xosé».
- Dialogar sobre a espiritualidade e reflexionar sobre un salmo.
- Comparar e seleccionar valores das relixións hinduísta e cristiá.

UNIDADE 2: *Deus, creación e moral*

- Enumerar comportamentos que deben practicar os cristiáns en relación coa ecoloxía integral.
- Resumir a moral católica do medio.
- Expresar ensinanzas morais relacionadas cos dous relatos bíblicos sobre «A Creación de Deus».
- Manifestar loanza a Deus pola obra da natureza.
- Participar nun cine-fórum.

UNIDADE 3: *Deus na Historia da Salvación*

- Sinalar os principais acontecementos, personaxes e revelacións de Deus pertencentes á Historia da Salvación.
- Expresar que son a Historia da Salvación e a plenitude da revelación que ensina a Igrexa católica.
- Resumir o relato bíblico de «David e Goliat» e algunhas das ensinanzas que se poden extraer e aplicar hoxe.
- Dialogar sobre a espiritualidade dalgúns nomes e reflexionar sobre o desexo de busca de Deus.
- Valorar o grao persoal de confianza.

UNIDADE 4: *Xesús de Nazaret*

- Coñecer o misterio de Xesucristo.
- Interpretar a mensaxe do Reino coa consecución da felicidade e a salvación.
- Descubrir a mensaxe das parábolas do Reino, en especial «A parábola do sementador».
- Interiorizar o significado dos nomes de Xesucristo e o sentimento de alegría.
- Descubrir e aprender os valores das Benaventuranzas.

UNIDADE 5: *Evanxeos e moral de Xesús*

- Diferenciar entre o ben e o mal moral.
- Expresar a orixinalidade da moral de Xesús de Nazaret.
- Descubrir a mensaxe do relato bíblico «Xesús e a muller adúltera».
- Dialogar e expresar vivencias sobre os valores e sentimentos de Xesús de Nazaret.
- Expresar os valores e virtudes que propoñen os Dez Mandamentos.

UNIDADE 6: *Evanxeos e resurrección de Xesucristo*

- Explicar cal é o proceso de formación dos Evanxeos.
- Expresar como a resurrección se profesa, celebra e testemuña.
- Descubrir a mensaxe do relato bíblico «As aparicións de Cristo resucitado».
- Considerar e expresar sentimentos sobre o rostro de Xesús e un disco-fórum.
- Manifestar o valor da esperanza cristiá.

UNIDADE 7: *Igrexa, Xesucristo e Bautismo*

- Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa.

- Describir as características básicas da liturxia e a orixinalidade do sacramento do Bautismo.
- Resumir o relato bíblico de «O bautismo de Xesús» e a súa principal ensinanza.
- Descubrir e interiorizar a espiritualidade nos sacramentos e na oración.
- Comprender o valor da fraternidade.

UNIDADE 8: *Igrexa, Xesucristo e Eucaristía*

- Explicar as características fundamentais do sacramento da Eucaristía e os ritos da súa liturxia.
- Detallar que achega a Eucaristía á vida eclesial e social do cristián.
- Expresar un ensino moral e relixioso relacionado co relato bíblico «A Cea Pascual».
- Expoñer os principais aspectos da Eucaristía a partir dos seus nomes.
- Concienciarse sobre o valor de compartir.

UNIDADE 9: *Igrexa, Espírito Santo e Confirmación*

- Recoñecer que a acción do Espírito Santo lle dá vida á Igrexa.
- Resumir as características fundamentais do sacramento da Confirmación e os ritos da súa liturxia.
- Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «O día de Pentecoste».
- Recoñecer e descubrir a importancia do Espírito Santo e o don de fortaleza.
- Experimentar o valor da autenticidade.

2º CURSO DE E.S.O.

UNIDADE 1: *Deus, persoa e relixión*

- Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais.
- Relacionar a condición de criatura coa orixe divina.
- Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «Abraham e Isaac».
- Recoñecer expresións simbólicas bíblicas sobre as dimensións persoais, en especial a espiritual.
- Tomar conciencia dos valores e virtudes fundamentais que permiten un desenvolvemento de forma integral.

UNIDADE 2: *Dignidade e vida cristiá*

- Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.
- Sintetizar que é o proxecto de vida cristiá.
- Expresar o argumento, a interpretación e a ensinanza principal do relato bíblico «A parábola dos talentos».
- Saber aproveitar ben o tempo e valorar a propia dignidade e a dos demais.
- Reflexionar sobre os proxectos e valores persoais.

UNIDADE 3: *Acción humana e moral cristiá*

- Entender o sentido e a finalidade da acción humana.
- Distinguir o fundamental e o máisorixinal da moral católica.
- Interpretar o relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora» e algunhas das ensinanzasmorais.
- Dialogar sobre a espiritualidade cristiá e reflexionar sobre o sentimento de empatía.
- Descubrir e valorar a verdadeiraliberdade humana.

UNIDADE 4: *Revelación e relación con Deus*

- Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia.
- Describir pautas para relacionarse con Deus.
- Resumir o relato bíblico «Deus escoita a Hagar e Ismael» e algunhas das ensinanzas que se poden extraer e aplicar hoxe.
- Reflexionar e aprender a relacionarse con Deus.
- Descubrir e aprender o valor da oración.

UNIDADE 5: *Revelación e fe cristiá*

- Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.
- Expresar a orixinalidade da fe cristiá.
- Expoñer algunhas das principais ensinanzas que se poden extraer do relato bíblico «Xesús e o cego Bartimeo».
- Dialogar sobre a fe e expresar vivencias sobre o sentimento de escoitar.
- Expresar os valores e virtudes da fe cristiá.

UNIDADE 6: *Como interpretar a Biblia*

- Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia.
- Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa en torno á interpretación bíblica.
- Interpretar o relato «A historia de Xonás», seguindo os criterios católicos..

- Descubrir os sentimentos que produce dialogar con Deus por medio da Biblia.
- Recoñecer a inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.
- Describir valores e calidades da verdadeira amizade.

UNIDADE 7: O Deus Cristián

- Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da divindade na revelación de Xesús.
- Descubrir a orixinalidade do Deus cristián respecto ás outras relixións monoteístas.
- Describir o argumento, claves de interpretación e ensinanza principal do relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».
- Desenvolve a espiritualidade a partir dos atributos de Deus e experimenta o sentimento do amor cristián.
- Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana.
- Comprender o valor da identidade persoal.

UNIDADE 8: Fe, Credo e vida eterna

- Descubrir o carácter histórico da formulación do Credo cristián.
- Recoñecer as verdades da fe cristiá presentes no Credo.
- Resumir as principais verdades da fe cristiá sobre a vida eterna.
- Comprender o significado e as claves necesarias para interpretar correctamente o relato bíblico «O Xuízo Final e definitivo».
- Reflexionar sobre a vida eterna desde o sentimento de recollemento.
- Concienciarse sobre o valor da conversión cristiá.

UNIDADE 9: A Igrexa católica

- Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás.
- Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.
- Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «A parábola dos xornaleiros da viña».
- Desenvolver o sentimento de espiritualidade por medio dunha canción relixiosa e de sociabilidade.
- Experimentar o valor da solidariedade.

UNIDADE 1: *A persoa busca a Deus*

- Enumerar as razóns e os camiños máis importantes polos cales a persoa pode descubrir a Deus.
- Expresar os medios persoais e cristiáns que propón a Igrexa católica para que a persoa poida encontrarse con Deus.
- Identificar os personaxes e os valores do relato bíblico «Historia de Sansón».
- Desenvolver a espiritualidade mediante o autocoñecemento e a expresión de sentimentos.
- Mostrar interese na formulación da fe en Deus.

UNIDADE 2: *O sentido Cristián da vida*

- Redactar en que consiste o sentido último da vida humana.
- Resumir as principais características do sentido á vida que dan o xudaísmo, o cristianismo e o islamismo.
- Expresar o argumento e as ensinanzas para aplicar hoxe o relato bíblico «Xesús e Zaqueo».
- Describir en que consiste a Providencia de Deus e como vivir a vida con maior sentido e felicidade.
- Elixir e xerarquizar valores que lle dan sentido á vida.

UNIDADE 3: *O pecado, o Perdón e a Unción*

- Reflexionar sobre os sacramentos de curación e os seus efectos.
- Explicar as características fundamentais dos sacramentos do Perdón e da Unción e os ritos da súa liturxia.
- Contextualizar e interpretar o relato bíblico «O pecado orixinal».
- Reflexionar e experimentar a espiritualidade do perdón e do arrepentimento.
- Concienciarse sobre o valor de perdoar.

UNIDADE 4: *Xesucristo, vocación e Orde*

- Valorar a vocación cristiá e as súas formas.
- Resumir as características fundamentais do sacramento da Orde e os ritos da súa liturxia.
- Narrar o argumento e extraer unha ensinanza persoal do relato bíblico «Conversión e vocación de San Paulo».
- Reflexionar e expresar sentimentos sobre a vocación.

UNIDADE 5: *Xesucristo, moral e vida*

- Enumerar feitos e comportamentos relacionados coa cultura da morte e coa construción da cultura e da moral da vida humana.
- Resumir os fundamentos, principios éticos e comportamentos morais que compoñen a moral católica da vida humana.
- Sintetizar o argumento, as principais claves de interpretación e algunhas das ensinanzas que se poden extraer do relato bíblico «Caín e Abel».
- Constatar e expresar como a espiritualidade mellora a vida humana, que se concibe como o maior ben, valor e regalo.
- Participar nun discofórum.

UNIDADE 6: *Xesucristo, moral e consumo*

- Recoñecer que o encontro con Cristo cambia a forma de comprender o mundo, a realidade e as persoas.
- Resumir a moral católica sobre o consumo.
- Expresar as principais claves e ensinanzas para interpretar adecuadamente o relato bíblico «A multiplicación dos pans e dos peixes».
- Redactar unha crítica moral e cristiá aos antivalores que propón a publicidade enganosa.
- Recoñecer a caridade como a práctica de amar a Deus e aos demais como irmáns.

UNIDADE 7: *Misión e organización da Igrexa*

- Tomar conciencia do vínculo indisoluble entre o encontro con Cristo e a pertenza á Igrexa.
- Expresar a tripla misión da Igrexa e as características da organización que ten actualmente a Igrexa católica.
- Resumir o relato bíblico e a súa ensinanza principal sobre «A primeira comunidade cristiá».
- Afirmar como o desenvolvemento da espiritualidade leva consigo o exercicio de colaborar na misión da Igrexa.
- Afondar no verdadeiro sentido da solidariedade.

UNIDADE 8: *Historia da Igrexa*

- Expresar a dobre dimensión humana e divina da Igrexa.

- Enumerar os principais acontecementos, personaxes e ensinanzas da primeira metade da historia da Igrexa.
- Sintetizar a principal ensinanza moral e relixiosa do relato bíblico «Simón, o meigo».
- Reflexionar e experimentar a historia persoal desexada e as crenzas máis profundas.
- Cooperar na preparación e no desenvolvemento dun concurso.

UNIDADE 9: *Fe, arte e cultura*

- Indicar as principais razóns polas cales as relixións son creadoras de arte e cultura.
- Expresar as principais achegas da Igrexa católica ao patrimonio cultural e artístico da humanidade.
- Sintetizar o argumento, as claves de interpretación e as ensinanzas que se extraen do relato bíblico «Salomón e o templo de Xerusalén».
- Tomar conciencia, desde a dimensión espiritual, das peregrinacións e da piedade cristiá.
- Comprender o valor da tolerancia.

4º CURSO DE E.S.O.

UNIDADE 1: *Relixións universais*

- Resumir a vida e as ensinanzas de Buda.
- Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.
- Investigar os valores que se propoñen no relato bíblico «Rut, a estranxeira».
- Recapacitar sobre a paz nas relixións e a busca de sentido.
- Reflexionar sobre o valor do diálogo.

UNIDADE 2: *Experiencia relixiosa e revelación de Deus*

- Explicar en que consisten a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.
- Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á busca de sentido.
- Enumerar os feitos e ensinanzas relixiosos do relato bíblico «Noé e o diluvio universal».
- tituderelixiosa e experimentar o sentimento de éxtaserelixiosa.
- Identificar a Xesús de Nazaret como o mellormestre para a vida.

UNIDADE 3: *Deus, historia e Igrexa*

- Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.
- Expresar a dobre dimensión, humana e divina e de acertos e erros, que se dan na vida da persoa e na historia da Igrexa.
- Indicar a principal ensinanza moral e relixiosa do relato bíblico «O profeta Xeremías».
- Reflexionar e experimentar a espiritualidade de agradecemento e o sentimento de aproveitar o tempo.
- Concienciarse sobre o valor da fidelidade.

UNIDADE 4: *O Mesías e a moral da vida pública*

- Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufridor e o Mesías político.
- Sintetizar as características da moral católica da vida pública.
- Describir as ensinanzas persoais e sociais que se poden extraer do relato bíblico «A historia do rei Saúl».
- Valorar a importancia de practicar a fe e o sentimento de sufrimento.
- Estimar o valor do compromiso social.

UNIDADE 5: *Xesucristo, Igrexa e misión*

- Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa.
- Achar compromisos cristiáns para actualizar a misión de Xesús.
- Coñecer e apreciar o convite de Xesús a colaborar na súa misión.
- Constatar e expresar como a comunicación con Xesús xera o sentimento de entrega persoal.
- Aprender a ver, xulgar e actuar cristiamente.

UNIDADE 6: *Xesucristo, sacramentos e matrimonio*

- Resumir as principais características dos sacramentos da Igrexa católica.
- Sintetizar o sacramento do Matrimonio e a súa liturxia.
- Enumerar as características máis orixinais do amor cristián segundo o texto bíblico do «Canto ao amor cristián».
- Expresar a espiritualidade amorosa e o sentimento de fortalecer o vínculo matrimonial.
- Argumentar ante dilemas con coherencia persoal e cristiá.

UNIDADE 7: Igrexa, moral e sexualidade

- Sintetizar os trazos fundamentais da sexualidade humana.
- Resumir as características máis importantes da moral católica da sexualidade humana.
- Aplicar as claves para interpretar correctamente os dous relatos bíblicos de «A Creación do home e a muller» e indicar as súas ensinanzas.
- Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.
- Discernir o verdadeiro amor.

UNIDADE 8: Igrexa, autoridade e verdade

- Diferenciar entre autoridade positiva e autoritarismo.
- Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade.
- Expresar o argumento e a mensaxe relixiosa e moral do relato bíblico «Susana, Daniel e os dous xuíces».
- Reflexionar sobre a defensa da verdade do ser humano e a sinceridade.
- Indagar sobre o valor da verdade.

UNIDADE 9: Os cristiáns e a civilización do amor

- Resumir a misión da Igrexa e a súa relación co Reino de Deus.
- Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.
- Indicar algunhas claves para interpretar correctamente o relato bíblico «O ceo novo e a terra nova».
- Desenvolver e vivenciar a espiritualidade ecolóxica e o sentimento de eternidade.
- Comprender o valor de cambiar o mundo.

13) ALUMNOS/AS PENDENTES

ESO:

A este alumnado faráselle un seguimento exhaustivo. Dividirase a materia en tres partes. Daráselles boletíns de exercicios que regularmente irán entregando ao profesor para a súa corrección e ós que fará as observacións pertinentes.

Os boletíns correspondentes a cada curso son os exercicios extraídos do libro

de texto de cada curso, os temas xunto cos contidos están especificados na programación feita para este curso 2021-2022.

Estes alumnos poderán examinarse de todas as probas que se fagan durante o curso programadas para eles polo Departamento, que serán da seguinte maneira:

Terán tres exames durante o curso, que non coincidirán coas avaliacións para non interferir cos exames propios do curso no que están. O alumno tamén poderá optar por facer tres traballos escritos, correspondentes ás tres partes na que se divide a materia:

- 1ª parte: temas 1-3
- 2ª parte: temas 4-6
- 3ª parte: temas 7-9

14) PLAN DE CONVIVENCIA:

O principio básico do que se parte é a **dignidade do ser humano**, como fillo de Deus polo que se deben respectar os principios e valores universais. Débense afrontar as situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, que son valores xenuinamente cristiáns. Dende a ensinanza relixiosa, propónse unha reflexión e análise crítica dos valores democráticos e da cidadanía que a súa raíz son os principios fundamentais do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa: a fraternidade, a xustiza, a misericordia, o perdón, a entrega de si mesmo e a entrega total a favor dos desfavorecidos. Por outra parte, o cristián entende a natureza como Creación de Deus, polo que a valora, a coida e a fomenta. Segundo isto, o alumnado deberá:

- Asistir a clase co material necesario.
- Chegar con puntualidade.
- Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
- Estudar con aproveitamento , así como respectar o dereito ao estudio dos demais.
- Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos.
- Non discriminar ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

- Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
- Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- Participar na vida e funcionamento do centro.
- Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
- Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

15) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Debido a pandemia e a situación sanitaria actual, non se programa ningunha actividade extraescolar e complementaria para o actual curso.

16) AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Co fin de mellorar o desenvolvemento docente, o Departamento considerou a inclusión da auto avaliación da programación, como medio de reorientar e optimizar o traballo na aula. A finais de curso realizarase a avaliación final de esta programación de área por medio da avaliación das programacións didácticas de aula, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do curso. Esta avaliación será realizada pola profesora, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma tendo en conta a recepción e a consideración do proceso-aprendizaxe como un proceso de retroalimentación mutua.

REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Materia		Departamento	
Profesor/a			

Apartado 1: Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.

CRITERIOS	OBSERVACIÓNS	Cumprimento	
		Par.	Tot.
OBXECTIVOS			
UNIDADES			

Motivo modificacións	Comentarios.
TEMPO	
RECURSOS	
METODOLOXÍA	

OUTROS	
---------------	--

Apartado 2: Análise provisional dos resultados da avaliación.

Resultados totais do alumnado				
Matriculados (descontando baixas)	Asistentes	Perdaaavaliación continua	Aprobados	
			Nº total	% (asistentes)

Análise dos resultados	
-------------------------------	--

Resultado das medidas de atención á diversidade	
--	--

Apartado 3º: Propostas de revisión.

Da programación didáctica	
----------------------------------	--

Do Proxecto Curricular	
-------------------------------	--

Apartado 4º: Necesidades para o vindeiro curso.

Solicitar á dirección	
------------------------------	--

Proposta de novosobxectivos	
------------------------------------	--

Criterios novos para a confección de horarios	
--	--

Xanceda, a 25 de setembro de 2021

A Profesora

Asdo.: M^a José Maroño Otero

Esta programación está suxeita a cambios, en función do nivel e interese do alumnado. Este seminario, está interesado en que o seu alumnado adquira unha formación relixiosa axeitada ás súas necesidades.

Compoñentes do Seminario:

Asdo: M^a José Maroño Otero

ANEXO I Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento de Relixión decidiu agardar ao inicio das aulas para concretar os % da avaliación do alumnado matriculado na materia. O motivo é realizar o contrato de ensino-aprendizaxe en colaboración cos alumnos e alumnas. Este criterio didáctico favorece unha mellor implicación do alumnado na súa propia formación.

Así, en **ESO**:

ESCENARIO 1- ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:

- Probas escritas obxectivas 60%
- Traballos complementarios 30%
- Participación, actitude 10%

ESCENARIO 2- ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:

- Probas escritas obxectivas tipo test 50%
- Traballos complementarios 50%
- Traballos complementarios 40%

A nota media final da materia é a suma de todo o anteriormente especificado e dividido entre tres (segundo cada un dos tres trimestres).

Na primeira semana de xuño, **na avaliación ordinaria**, terán a posibilidade de aprobar a materia si superan un exame final de toda a asignatura (aqueles alumno/as que non o fixeron, ou aqueles que perderon o dereito á avaliación continua). En caso de haber suspensos e ter que ir a **proba extraordinaria**, este alumnado será atendido con material específico entre os días 6 e 22 de xuño durante a sesión de clase habitual. Co alumnado que teña que presentarse á convocatoria extraordinaria levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo e recuperación. O resto do alumnado coa materia superada poderán repasar, ou ver unha película sobre algún dos temas estudados con anterioridade.

Na **convocatoria extraordinaria** da terceira semana de xuño, terase unicamente en conta a nota do exame. Esta, será o resultado da suma das puntuacións dadas a cada exercicio. Será un exame no que entren cuestións e preguntas sobre a materia impartida durante o curso académico.

Este criterio aplicarase en todos os cursos de ESO.

No caso suposto de que algún alumno/a sexa sorprendido copiando nas súas múltiples formas, a nota será dun cero, e inmediatamente a familia será informada.

ANEXO II Á PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN.

POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

ESCENARIO 1: *Actividade lectiva presencial*

A Programación de referencia (todos os puntos que aparecen na mesma: estándares mínimos de aprendizaxe, competencias, criterios de avaliación, etc) será o que se vai ter como punto de partida para todos os escenarios posibles.

Na modalidade de **actividade lectiva presencial**, levarase a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe tal e como se fixo ata o de agora en cursos anteriores. Os documentos elaborados pola profesora e que están a disposición do alumnado na Aula virtual de cada curso, servirán como guía para explicar os diferentes temas na clase, e para facer as actividades propostas xa sexa de forma oral ou escrita. A proxección de vídeos, películas relacionadas co tema en cuestión, servirán para afianzar e consolidar os coñecementos adquiridos. Serán subidos ao curso correspondente da Aula Virtual resumos pequenos e claros. Aquí radica a novidade deste curso con respecto a cursos pasados: a utilización da Aula Virtual, que xa está operativa en todos os cursos estando matriculados todos os alumnos/as no seu respectivo curso. É importante atender a aquel alumnado que por diversas razóns, incluída a sanitaria non poidan acudir ao centro escolar. Desta maneira, poden continuar ca marcha do curso desde os propios domicilios. Tamén se utilizará o correo electrónico (correo docente: marisereligion@gmail.com) para consulta de dúbidas, aclaracións, envío de traballos complementarios, etc. O alumnado foi infomado destas canles de comunicación, tomoúselles o correo e queda por enviar mensaxe Abalar comunicando estas formas telemáticas de seguemento. Informarase a través da Web do centro, a mencionada Aula Virtual e correo electrónico. Procurarase manter un contacto activo e un constante feedback co alumnado e o resto da comunidade educativa, a fin de facilitar a consecución e logro das competencias mínimas.

Enviaránse informes periódicos aos titores/as a fin de evitar demandas non cubertas e potenciar un correcto proceso aprendizaxe, recuperación ou mellora.

Os criterios de cualificación aparecen especificados no anexo que leva este mesmo título e foron consensuados co alumnado na primeira sesión de clase: 60% as probas escritas, o 30% os traballos complementarios e o 10%, a participación e a actitude cara a materia.

ESCENARIO 2: *Actividade non presencial*

O seguemento é 100% telemático. Os distintos temas serán tratados a partir dos documentos elaborados pola profesora, pero tamén con esquemas, pequenos resúmenes claros e concisos que serán subidos á Aula Virtual do curso correspondente. Exercicios en soporte escrito ou dixital, traballos complementarios, proxectos. Neste apartado tamén vai incluída a implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, participación, colaboración activa, responsabilidade no propio proceso de formación. Desglósase a consecución e desenrolo, preparación, presentación e aplicación dos proxectos propostos de recuperación e mellora (seguemento): 50% traballos complementarios, implicación do alumnado no proceso de ensino- aprendizaxe, participación, seguemento. Poderanse flexibilizar os periodos de entrega tendo en conta as circunstancias, dado que a materia é dunha única hora semanal, contando cunha semana para cada proposta e actividade desde a data da proposta da citada actividade. 50% cuestionarios tipo test.

Os recursos dixitais serán de utilización preferente, as actividades educativas terán carácter práctico e potenciarán o proceso de avaliación continua.

Enviaranse informes periódicos aos tutores-as a fin de evitar demandas non cubertas e potenciar o correcto proceso ensinanza- aprendizaxe, recuperación e mellora.

Este escenario centrarase no ensino á distancia que combina sesións a distancia, AULA VIRTUAL, WEBEX, ABALAR, CORREO ELECTRÓNICO (correo docente: marisereligion@gmail.com).

Todo o alumnado matriculado na materia foi informado desde o primeiro día destas canles de comunicación, e dos posibles escenarios segundo a marcha da pandemia.

Os alumnos/as tiveron que mandar un correo electrónico de presentación ao correo docente (a finalidade foi constatar que non hai erro algún nas súas propias direccións de correo electrónico). Tamén se lles insistiu en que entrasen xa nos cursos correspondentes da materia na Aula Virtual do centro, aproveitando que nas primeiras sesións se están traballando as aprendizaxes non vistas o curso pasado. Ali teñen o material co que despois na clase se vai interactuar: debatir, facer postas en común, comentar experiencias persoais, etc.

En caso de que as circunstancias marcadas pola pandemia obrigasen a facer flexibilizacións, faríanse atendendo as indicacións da Consellería.